



CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

Non constando a presentación de reclamacións no expediente de modificación de crédito do orzamento en vigor, na modalidade de modificación de créditos (MC 19/25 SC 04/25), aprobado inicialmente en sesión plenaria celebrada o día 07/11/2025 por importe de 87.819,89 euros, o mesmo considérase definitivamente aprobado, e procédese a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia conforme ao disposto no artigo 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

ALTAS EN CONCEPTO DE GASTOS

Aplicación orzamentaria	Descrición	Importe
160-210	Alcantarillado. Infraestructuras y bienes naturales.	1.500,00
241-143	Fomento do emprego. Outro persoal. Finiquito	428,34
241-16000	Fomento do emprego. Seguridade Social (parte achega fondos propios)	824,65
241-22104	Fomento do emprego. Vestuario.	600,00
312-22799	Hospitales, servicios asistenciales y centros de salud. Otros trabajos realizados por otras empresas y profesionales.	1.000,00
326-22103	Escuela infantil. Combustibles y carburantes.	300,00
3321-22699	Bibliotecas y Archivos. Otros gastos diversos.	400,00
334-213	Promocion cultural. Maquinaria, instalaciones técnicas y utillaje.	300,00
4311-22699	Ferias. Otros gastos diversos.	500,00
4311-213	Ferias. Maquinaria, instalaciones técnicas y utillaje.	2.500,00
920-214	Administración general. Elementos de transporte.	5.000,00
920-622	Administración general. Edificios y otras construcciones	74.466,90
TOTAL		87.819,89

A presente modificación financiarase con cargo ao remanente líquido de tesourería, nos seguintes termos:

ALTAS EN CONCEPTO DE INGRESOS

Aplicación orzamentaria	Descrición	Importe
870.00	Remanente líquido de tesoureira para gastos xerais	87.819,89
TOTAL		87.819,89

Becerreá, 18 de decembro de 2025.- O alcalde, D. Manuel Martínez Núñez.

R. 3584

Anuncio

Non constando a presentación de reclamacións no expediente de modificación de crédito do orzamento en vigor, na modalidade de modificación de créditos (MC 20/25 CE 03/25), aprobado inicialmente en sesión plenaria celebrada o día 07/11/2025 por importe de 12.098,71 euros, o mesmo considérase definitivamente aprobado, e procédese a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia conforme ao disposto no artigo 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

ALTAS EN CONCEPTO DE GASTOS

Aplicación Orzamentaria	Descripción	Importe
171.619	Parques y jardines. Otras inversiones de reposición de infraestructuras y bienes destinados al uso general.	12.098,71

ALTAS EN CONCEPTO DE INGRESOS

Partida ingresos	Descripción	Importe
870.00	Remanente de tesouraría para gastos xerais	12.098,71

Becerreá, 18 de decembro de 2025.- O alcalde, D. Manuel Martínez Núñez.

R. 3585

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, o Orzamento Xeral para o exercicio económico do 2026, expediente nº 1500/2025, e a plantilla de persoal para o devandito exercicio, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e disposicións concordantes, exponse ao público na Secretaría deste Concello, por prazo de 15 días hábiles que empezarán a contarse dende o seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse reclamacións que deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente.

Becerreá, 18 de decembro de 2025.- O alcalde, D. Manuel Martínez Núñez.

R. 3586

BEGONTE

Anuncio

Aprobados por Decreto de Alcaldía os padróns anuais, cuatrimestral, mensuais e clases dirixidas de decembro de 2025, correspondentes ás actividades socioculturais e deportivas do curso 2025/2026, por un importe total de 7.790,25€

Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao de inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra os mesmos.

Dado que os recibos están domiciliados, envíananse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Begonte, 19 de decembro de 2025.- O alcalde, José Ulla Rocha.

R. 3587

BURELA*Anuncio*

Formulada e rendida a conta xeral correspondente ao exercicio 2024 cos Estados e Contas a que se refire o artigo 209 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e as Regras 44 a 51 da Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, aprobada pola Orde HAP/1791/2013, de 20 de setembro; e informada pola Comisión Especial de Contas na sesión celebrada o 22 de decembro de 2025, expónse ao público, cos documentos que a xustifican, polo prazo de 15 días hábiles na Intervención desta entidade, contados a partir do seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo

Durante o referido prazo, as persoas interesadas podan examinala e formular por escrito os reparos e observacións que se estimen pertinentes de conformidade co disposto nos artigos 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e o 212.3 do RDL 2/2004, de 5 de marzo.

Burela, 22 de decembro de 2025.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R.3598

A FONSAGRADA*Anuncio***PADRÓNS DE AUGA, LIXO E SUMIDOIROS CORRESPONDENTES AO QUINTO BIMESTRE DO 2025**

Aprobado por Decreto de Alcaldía Núm. 2025-0687 de data 19-12-2025, o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro e recollida de lixo correspondente ao 5º bimestre do exercicio 2025, así como a apertura dun período de información pública por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

O prazo de cobro en período voluntario abarcará dende o día 20-12-2025 ao 20-02-2026. Para o cobro de ditos padróns, aos contribuíntes que non o teñan domiciliado, os documentos de cobro seranlles enviados ao domicilio declarado do suxeito pasivo para que efectúen o pago nas sucursais bancarias establecidas a tal efecto.

Contra o acto de aprobación do padrón os interesados poderán interpoñer en vía administrativa, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes, recurso previo de reposición ante o órgano competente, de acordo con canto establece o artigo 14 do TRLRHL. A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico – administrativa ante o órgano económico – administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A Fonsagrada, 19 de decembro de 2025.- O alcalde-presidente, D. Carlos López López.

R. 3588

GUITIRIZ*Anuncio*

Aprobado por Decreto de Alcaldía o padrón fiscal do servizo de axuda no fogar (SAF) correspondente ao mes de **NOVIEMBRE 2025**, que comprenden os seguintes recibos:

1.- Padrón das taxas de prestación do servizo público de axuda no fogar (SAF) na modalidade de libre concorrência e dependencia correspondente a mes de **NOVIEMBRE DE 2025**, polos seguintes importes:

- Modalidade libre concorrência: 2.968,81 €

- Modalidade dependencia: 5.002,22 €

Os Padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón do servizo de axuda no fogar (SAF) correspondente ao mes de **NOVIEMBRE** de 2025, terá lugar no prazo de dous meses dende a publicación do edicto no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o mesmo procederase a esixir as débedas cos xuros de mora e os recargos de acordo coa artigos 26 e 28 da Lei 58/2003 Xeral tributaria.

Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes Padróns, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes Padróns

Guitiriz, 10 de decembro de 2025.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 3589

LOURENZÁ

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO

Padrón fiscal do Servizo de AXUDA NO FOGAR do mes de Novembro de 2025.

EDICTO

Por Resolución de Alcaldía de data o día 9 de decembro de 2025, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente o mes de Novembro de 2025 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de tres mil trescentos cincuenta e dous euros con setenta e un céntimos de euro (3.352,71€) , tres mil cincuenta e dous euros con noventa e nove céntimos de euro(3.052,99€) correspondente a dependencia , e douscentos noventa e nove euros con setenta e dous céntimos de euros (299,72€) son de libre concorrência.

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notificase colectivamente a liquidación do prezo público polo servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de novembro de 2025.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas dependencias do servizo sociais do Concello de Lourenzá, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co establecido nos art º 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recaudación, aprobado por R.D. 939/2002, do 29 de xullo comunícase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

O prazo de cobro, en período voluntario será da primeira quincena do mes seguinte.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles debidos na entidade bancaria que a persoa usuaria estableceu para o seu efecto .

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Lourenzá, 9 de decembro de 2025.- A alcaldesa, D.ª Rocío López García.

R. 3591

MONFORTE DE LEMOS*Anuncio***APROBACION PADRÓN PREZOS PUBLICOS ESCOLAS MUSICA E DANZA NOVIEMBRE 2025**

Por Xunta de Goberno Local do día 10.12.2025 aprobouse o padrón dos Prezos Públicos Escolas Música e Danza do mes de NOVIEMBRE de 2025.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notifícase colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario dende o 30.12.2025 ata o 02.03.2026.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaránse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 11 de decembro de 2025.- O alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, a primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 3592

*Anuncio***APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS DO 5º BIMESTRE DO EXERCICIO 2025 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 10.12.2025 aprobouse o padrón da Taxa pola prestación do servizo de xestión de residuos municipais do quinto bimestre do exercicio 2025 (setembro-outubro)

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expórase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 26.12.2025 ata 28.02.2026.

De acordo co artigo 24 do Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos polo concepto da Taxa pola prestación do servizo de xestión de residuos municipais, poderán facer o pago dos mesmos mediante :

1. Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca ou Banco Sabadell en horario de atención ao público
2. A través de caixeiros automáticos nas devanditas entidades financeiras
3. A través da páxina web do Concello www.monfortedelemos.es

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaránse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 11 de decembro de 2025.- O alcalde, P.D Decreto de data 11.06.2025, a primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 3593

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

Por acordo plenario, adoptado en sesión celebrada o día 14 de novembro de 2025, aprobouse inicialmente a modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Negueira de Muñiz.

En data 19 de novembro de 2025 publicouse no BOP da provincia de Lugo (número 266) anuncio sobre a aprobación inicial da Relación de Postos de Traballo, someténdose a información pública por prazo de vinte (20) días hábiles para que as persoas solicitadas poidan examinar o expediente e formular as alegacións/reclamacións que estimen pertinentes.

Visto o certificado de secretaría emitido en data 19 de decembro de 2025 de que non constan alegacións a aprobación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Negueira de Muñiz devén en definitiva.

Por todo o exposto e en cumprimento do establecido no artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, ordénase a publicación íntegra da Relación de Postos de Traballo do Concello do Concello de Negueira de Muñiz. Ver anexo.

Negueira de Muñiz, 19 de decembro de 2025.- O alcalde, José Manuel Braña Pereda.

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DE NEGUEIRA DE MUÑIZ													
CODIGO	POSTO	VINC.	GRUPO	ESCALA	SUB	C.D.	C.ESP.	DOT	VAC.	F.P.	TIP.	TITULACIÓN	OBSERVACIÓNS
ÁREA DE PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA E ADMINISTRACIÓN XERAL													
Departamento de administración xeral													
AX.01.01	Secretario/a interventor/a	Func.	A1	HN	SEC.INT	28	18.180	1	0	C	S	Título Universitario/de Grao/equivalente	Especial dedicación e dispoñibilidade
AX.01.02	Administrativo/a de asuntos económicos	Lab.	III			22	8.100	1	0	C	S	Título de Bach/ Técnico/EQU	Posto a funcionarizar
AX.01.03	Oficial de administración	Func.	C1/C2	AX	ADN/ AUX	16	5.760	1	0	C	NS	Título de Bach/ Graduado ESO/ Técnico/EQU	
ÁREA DE TERRITORIO													
AT.01.01	Técnico/a Municipal	Lab.	I/II			24	13.428	1	0	C	S	Título Universitario/ de Grado/ Equivalente	Posto a funcionarizar
Departamento de obras e conservación de instalacións municipais													
AT.01.02	Encargado/a de obras e servizos	Lab	IV			18	11.700	1	0	C	S	Título de Graduado ESO/ Técnico/ Equivalente	Especial dedicación e dispoñibilidade
AT.01.03	Oficial 2ª servizos múltiples	Func.	C2	AE	SVS.V	14	7.380	1	0	C	NS	Título de Graduado ESO/Técnico/Equivalente	
ÁREA DE CIDADANÍA													
Departamento de benestar social													
AC.01.01	Traballador/a social	LAB	II			23	9.720	1	0	C	S	Título universitario de Grao /Equivalente	Posto a funcionarizar
AC.01.02	Auxiliar do fogar	F/L	C2	AE	SVS.ESP	14	5.220	1	0	C	NS	Título de Graduado ESO/ Técnico/ Equivalente	Posto con xornada parcial
AC.01.03	Auxiliar do fogar	F/L	C2	AE	SVS.ESP	14	5.220	1	0	C	NS	Título de Graduado ESO/ Técnico/ Equivalente	Posto con xornada parcial. A amortizar
AC.01.04	Auxiliar do fogar/ Limpador/a	LAB	IV			14	5.220	1	0	C	NS	Título de Graduado ESO/ Técnico/ Equivalente	

Claves empregadas na RPT e o seu significado

1) unidades administrativas

É a unidade administrativa ou o servizo ó que o que se adscribe o posto no organigrama da Administración municipal.

2) Denominación do posto

Utilízanse as denominacións do organigrama municipal, respectando algunhas denominacións tradicionais e aclarándoas, ás veces, con denominacións complementarias.

3) DOT. = dotación

Significa o número de postos de traballo que se agrupan nunha soa liña nos que concorre idéntica denominación, requisitos e características incluídas as retribucións complementarias.

4) VINC. = vinculación

Indica a vinculación do persoal coa Administración municipal: Funcionario (FUN), Laboral fixo (LAB.), Laboral fixo descontinuo(LAB FIXO-DES.),

5) CD= Complemento de destino ou nivel

Reflicte o nivel asignado a cada posto de persoal funcionario para os efectos da percepción do complemento de destino distribuído en 14 pagas.

6) CE = Complemento específico

7) Tipo de posto

Os postos poden ser SINGULARIZADOS (reflictese con un S na columna), cando pola súa denominación e características se diferencian dos restantes e NON SINGULARIZADOS (reflictese con un NS);

Nos postos de funcionarios eventuais de confianza ou asesoramento especial consignarase a clave E na columna.

8) PROV = Forma de provisión

Non se trata da forma de acceder á praza mediante probas selectivas (oposición, concurso-oposición, concurso), senón da forma de provisionar postos de traballo vacantes con funcionarios municipais de carreira. A FP normal será o concurso (na clave se porá un C).

9) Grupo

Para o persoal funcionario cada posto adscíbese a un grupo ou subgrupo dos grupos ou subgrupos consecutivos segundo a clasificación establecida no artigo 76 e disposición adicional sexta do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (A1, A2, B, C1, C2, AP).

Para o persoal laboral os grupos son: I,II,III,IV,V.

10) Escala e Subescala

Utilizaranse as escalas e subescalas establecidas para a Administración Local.

11) Titulación académica

Soamente se consigna a titulación académica específica cando é necesaria, ademais da xenérica correspondente ó grupo ó que se adscribe o posto (enténdese implícita).

12) Requisitos específicos

Esíxese para determinados postos cando a natureza do posto de traballo o requira.

R. 3594

Anuncio

Aprobado inicialmente polo Pleno da corporación, en sesión extraordinaria celebrado o 22 de decembro de 2025 ,o Orzamento Xeral do Concello de Negueira de Muñiz para o ano 2026 ,así como as bases de execución, e cadro de persoal para o exercicio económico 2026, en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e demais disposicións concordantes, expónse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días que empezarán a contarse dende o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as que deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación.

De conformidade co acordo adoptado o orzamento considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se formulan reclamacións.

Negueira de Muñiz, 22 de decembro de 2025.- O alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 3599

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE NOVEMBRO DE 2025

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 03 de Decembro de 2025 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de Novembro de 2025 de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de Novembro de 2025: 1.802,07 euros.

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de Xaneiro de 2026 e o 01 de Marzo de 2026. Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iníciase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria. Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 17 de decembro de 2025.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 3595

RIBAS DE SIL

Anuncio

Ao non haberse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo provisional adoptado polo Pleno da Corporación de data 10/10/2025, sobre imposición e aprobación da Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo de madrugadores a cargo do concello de Ribas de Sil no CEIP de San Clodio, cuxo texto íntegro se fai público, en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo:

"ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MADRUGADORES A CARGO DO CONCELLO DE RIBAS DE SIL NO CEIP DE SAN CLODIO

FUNDAMENTO E NATUREZA:

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este concello establece o prezo público por prestación de servizos complementarios de educación NO CEIP DE SAN CLODIO, especificando as tarifas no artigo 4 e seguintes, que se rexerán polo presente texto normativo.

1.- CONCEPTO:

Os prezos públicos regulados nesta ordenanza constitúen prestacións patrimoniais de carácter público que se satisfarán polas familias usuarias que voluntariamente soliciten a prestación dos seguintes servizos complementarios de educación no CEIP DE SAN CLODIO Este servizo "MADRUGADORES", comprende:

- Atención, coidado e custodia nas instalacións do centro ás crianzas matriculadas no centro educativo antes do inicio da xornada escolar durante o horario 8:00h a 10:00h, así como a atención educativa apropiada aos nenos e nenas desta idade, de conformidade coa normativa aplicable. Posibilidade de almorzo.

2.- OBRIGADOS AO PAGAMENTO:

Están obrigados ao pago do prezo público regulado nesta ordenanza, aquelas familias usuarias recollidas no regulamento de servizo que se beneficien das actividades prestadas por este Concello a que se refire o artigo anterior. En concreto, os pais, titores e, en xeral, aquelas persoas que ostentan a patria potestade dos nenos que utilicen o servizo.

3.- CONTÍA:

Tendo en conta os criterios de sustentabilidade, equidade e capacidade económica das familias, propónse:

TIPO DE USUARIO PRECIO MENSUAL (€).

Tarifa Xeral 30 € mes completo

Tarifa irmáns 15 € por irmán adicional.

Servizo puntual 1 día 5 € día- máximo 30 €.

Las tarifas bonificadas financiaranse con aportacións municipais y/o subvencións externas.

Cando por circunstancias sobrevidas, o usuario ingrese ao servizo con posterioridade ao día 15 do mes, as tarifas previstas de asistencia ordinaria que corresponda pagar polo dito mes terán unha redución do 20%.

As familias numerosas terán unha redución do 50% a partir do segundo fillo, na asistencia ordinaria ao servizo con e sen almorzo. Non así, nos días soltos.

4.- BONIFICACIÓNS:

Estarán bonificados ao 100% das tarifas establecidas no artigo anterior aqueles que, obrigados ao pago que de conformidade co Regulamento do Servizo, sexan declarados en situación especial vulnerabilidade social baixo informe perceptivo de servizos sociais.

5.- PERÍODO IMPOSITIVO E NACEMENTO DA OBRIGA DE PAGAMENTO:

O período impositivo das tarifas do prezo público desta ordenanza será o mes natural, producíndose o nacemento da obriga de pago o día 1 de cada mes.

O período impositivo das tarifas do prezo público en días soltos desta ordenanza será o mes natural, producíndose o nacemento da obriga do pagamento no momento da utilización do servizo.

NORMAS DE XESTIÓN:

O cobro das tarifas do prezo público recollidas xestionarase a partires dun padrón constituído polos recibos comprensivos dos obrigados ao pago, usuarios e tarifas aplicables o cal será aprobado mensualmente dentro do período impositivo correspondente e publicándose no taboleiro municipal de anuncios da sede electrónica do Concello de RIBAS DE SIL e no BOP.

O período ordinario de cobramento será de trinta días naturais dende a aprobación e publicación do correspondente padrón, transcorrido o cal as contías de vindicadas poderán ser esixidas mediante o procedemento de constrinximento.

O medio de cobramento **ordinario será o de domiciliación bancaria** nas contas sinaladas polos obrigados ao pago, producíndose o cargo dentro dos dez primeiros días dende a aprobación do padrón correspondente.

As declaracións de altas, baixas e en xeral de variación de datos feitas dentro dun período impositivo xurdirán efectos no Padrón do período inmediatamente posterior.

O cobramento das tarifas por utilización do servizo por días soltos, será mediante o mesmo padrón aprobado mensualmente, constituído polos recibos comprensivos dos obrigados ao pago, usuarios, tarifas aplicables e número de prestacións no mes natural anterior, o cal seguirá o mesmo procedemento establecido nos apartados anteriores.

O desistimento ou falta de asistencia dos usuarios ao servizo non suporá redución nin exención da obriga de pagamento mentres non se formalice a baixa correspondente por escrito ante o rexistro municipal e causará efectos no período impositivo seguinte, non procedendo a devolución do ingresado con anterioridade á data de comunicación da baixa.

Dita baixa será de oficio para aqueles participantes que deban máis de dous recibos, sen prexuízo do cobro dos mesmos pola vía de constrinximento.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de Madrugadores a cargo do Concello de RIBAS DE SIL no CEIP DE SAN CLODIO entrará en vigor de acordo co sinalado na Ordenanza xeral de prezos públicos do Concello de RIBAS DE SIL logo da súa publicación no BOP e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello.”

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor polo interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Ribas de Sil, 19 de decembro de 2025.- O alcalde, Roberto Castro González.

R. 3596

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

O pleno da Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o 26 de novembro de 2025, aprobou inicialmente o Orzamento consolidado, Cadro de Persoal e Relación de Postos de Traballo do exercicio 2026 do Concello e da Fundación municipal "TerrEo". Conforme ao artigo 169 do TRLFL someteuse o expediente a información pública por prazo de 15 días. Non producíndose alegacións durante o citado período resulta definitivamente aprobado o Orzamento consolidado, Cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do exercicio 2026 do Concello e da Fundación municipal "TerrEo". En cumprimento do que dispón o apartado 3 do artigo 169 do TRLFL, faise público que o dito orzamento consolidado ascende en gastos a 2.002.367,88 euros, e en ingresos á cantidade de 2.074.706,39 euros. Correspondendo a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan segundo o seguinte detalle:

ORZAMENTO DO CONCELLO:

ESTADO DE GASTOS

Capítulos	Denominación	<u>Euros</u>
	A) Operacións correntes	
1	Gastos de persoal	624.900,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	329.161,71
3	Gastos financeiros	2.500,00
4	Transferencias correntes	17.200,00
	B) Operacións de capital	
6	Inversións reais	365.625,19
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	SUMA TOTAL DE GASTOS	1.339.386,90

ESTADO DE INGRESOS

Capítulos	Denominación	<u>Euros</u>
	A) Operacións correntes	
1	Impostos directos	156.000,00
2	Impostos indirectos	2.000,00
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	137.050,00
4	Transferencias correntes	711.374,82
5	Ingresos patrimoniais	0,00

	B)Operacións de capital	
6	Enaxenación de inversións reais	0,00
7	Transferencias de capital	332.962,08
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	SUMA TOTAL DE INGRESOS	1.339.386,90

CADRO DE PERSOAL DESTA ENTIDADE PARA O 2026

A.-Funcionarios de Carreira		Nº prazas	Grupo	Nivel	S.I.T
1.	Secretario*				
2.	Escala de Administración Xeral				
2.1.	Subescala Administrativa				
2.1.a.	Administrativo	1	C1	22	O
2.1.b.	Administrativo	1	C1	16	V.D.
3.	Escala de Administración Especial				
3.1.	Subescala de Servizos Especiais				
3.1.a.	Operario Servizos Múltiples. Conductor	1	C2	18	O
3.1.b.	Alguacil Porteiro	1	A.P.	14	V.D.

* Eximida esta entidade (Resolución D.G.F.P de 16/03/88)

B.-Persoal Laboral Fixo	Nº prazas	S.I.T
Traballador/a Social	1	O
Auxiliar de axuda no fogar	5	O
Operario de servizos (Fontaneiro)	1	V.D.
Operario de servizos (Electricista)	1	V.D.

SIGLAS UTILIZADAS EN LA RELACIÓN DE LA PLANTILLA DE PERSONAL.

S.I.T.=Situación (O=Ocupada, VD= Vacante Dotada)

C.- Persoal Eventual.- Ningún**RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO**

<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>R.I</u>	<u>D.O.T</u>	<u>N.C.D</u>	<u>C.E.M</u>	<u>T.P</u>	<u>ADSCRIPCIÓN</u>			<u>TIT. ACADEM.</u>	<u>S.I.T</u>
						<u>Grupo</u>	<u>Escala</u>	<u>Subesc.</u>		
Secretario *										
Administrativo.	F	1	22	960,69	NS	C1	A.G.	A.D.	1	O
Administrativo.	F	1	16	585,84	NS	C1	A.G.	A.D.	1	V.D.

Operario Servizos Múltiples. Conductor. Encargado do parque de vehículos e apoio ás tarefas básicas en oficinas	F	1	18	585,84	NS	C2	A.E.	S.E.C.	2	O
Alguacil Porteiro.	F	1	14	410,52	NS	A.P.	A.E.	S.E.A.P.	3	V.D.

* Eximida esta entidade (Resolución D.G.F.P de 16/03/88)

SIGLAS EMPREGADAS NA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO

R.J= Réxime Xurídico(F= Funcionario); D.O.T=Dotación; N.C.D=Nivel Complemento Destino; C.E.M= Complemento Esp. Mensual; T.P.=Tipo de Posto (NS = No Singularizado); Escala (A.G.=Escala Administración Xeral, A.E=Escala Administración Especial); Subescala (A.D.= Administrativa, S.E.A.P.=Servizos Especiais Alguacil-porteiro, S.E.C.=Servizos Especiais Conductor); Titulación Académica (1= Titulación Específica Grupo C1, 2=Titulación Específica Grupo C2, 3= Titulación Específica Agrupacións Profesionais); S.I.T.=Situación (O=Ocupada, VD= Vacante Dotada)

ANEXO Á RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO 2026

PERSONAL LABORAL CONTRATADO TEMPORALMENTE PARA OS DISTINTOS SERVIZOS, ASÍ COMO O CONTRATADO CONFORME ÁS SUBVENCIÓNS OU CONVENIOS CONCERTADOS CON OUTRAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.

POSTO	Nº POSTOS	CARACTERISTICAS
Auxiliar axuda no fogar	4	Tempo Completo
Auxiliar centro de día	4	Tempo Completo
Persoal programa Aprod Rural	2	Tempo Completo
Oficial de 1ª Albanel	1	Tempo Completo

ORZAMENTO DA FUNDACIÓN MUNICIPAL “TERREO”:

ESTADO DE GASTOS

Capítulos	Denominación	<u>Euros</u>
	A) Operacións correntes	
1	Gastos de persoal	295.600,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	300.748,11
3	Gastos financeiros	0,00
4	Transferencias correntes	0,00
	B)Operacións de capital	
6	Inversións reais	66.632,87
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	SUMA TOTAL DE GASTOS	662.980,98

ESTADO DE INGRESOS

Capítulos	Denominación	Euros
	A) Operacións correntes	
1	Impostos directos	0,00
2	Impostos indirectos	0,00
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	644.000,00
4	Transferencias correntes	49.003,05
5	Ingresos patrimoniais	0,00
	B) Operacións de capital	
6	Enaxenación de inversións reais	0,00
7	Transferencias de capital	42.316,44
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	SUMA TOTAL DE INGRESOS	735.319,49

Ribeira de Piquín, 22 de decembro de 2025.- O alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico.

R. 3600

XERMADE*Anuncio***PUBLICACIÓN PADRÓN SAF MES NOVIEMBRE DE 2025.**

Pola Xunta de Goberno Local do 17/12/2025 aprobouse o padrón correspondente o mes de NOVIEMBRE DE 2025, da taxa da prestación do servizo de axuda a domicilio.

Dito Padrón queda exposto ó público nas oficinas económicas municipais durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte ó da publicación do presente anuncio no BOP. Dito anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA).

A data de cargo dos recibos domiciliados será a 07/01/2026.

Xermade, 18 de decembro de 2025.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 3597

FUNDACIÓN TERREO*Anuncio*

A Asamblea de Patronos da Fundación municipal "TerrEo", en sesión extraordinaria celebrada o día 22 de decembro de 2025, aprobou a modificación do artigo 4º do acordo regulador dos prezos públicos polas actividades económicas da Fundación municipal "TerrEo", cuxo texto íntegro faise público para os efectos de xeral coñecemento.

Ribeira de Piquín, 22 de decembro de 2025.- O presidente, D. Roberto Fernández Rico.

"MODIFICACIÓN DO ARTIGO 4º DO ACORDO REGULADOR DOS PREZOS PÚBLICOS POLA REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS DA FUNDACIÓN MUNICIPAL TERREO"

Artigo 4. Tarifas

Para os efectos de determinar os prezos aplicables aos produtos xerados polas actividades da Fundación municipal TerrEo diferenciaranse os seguintes:

[...]

EXPLOTACIÓN DE PORCO CELTA

CANTIDADE DE PRODUCTO	PREZO (IVE incluído) (10%)
1 unidade de porco celta sacrificado	3,74 €/KG canal
1 unidade de porco celta vivo	3,00 €/KG animal vivo

[...]

R. 3601